O Proxecto referirase sempre a obras completas e definirá totalmente a obra, para a súa correcta execución, constituíndo o documento legal obxecto da licitación e adjudicación das obras proxectadas. O documento describirá e definirá as obras de execución con detalle suficiente para que poidan valorarse e interpretarse inequivocamente durante a súa execución por persoas distintas do autor. As actuacións proxectadas deben ter como resultado instalacións eficientes e que cumpran tódolos requisitos normativos de aplicación.

Con carácter xeral, o Proxecto ha de axustarse á memoria presentada ante o IDAE. En caso de introducirse modificacións substanciais respecto a este documento, estas deben ser informadas ó responsable municipal e consultar a súa aceptación polo IDAE.

Os documentos organizaranse de acordo á estrutura proposta no Código Técnico da Edificación. En concreto, o contido mínimo do mesmo será:

- a) Unha memoria na que se describa o obxecto das obras, que recollerá os antecedentes e situación previa ás mesmas, as

necesidades para satisfacer e a xustificación da solución adoptada, detallándose os factores de todo orde a ter en conta.

- b) Os planos de conxunto e de detalle necesarios para que a obra quede perfectamente definida, así como os que delimiten a ocupación de terreos e a restitución de servidumes e demais dereitos reais, no seu caso, e servizos afectados pola súa execución.
- c) O prego de prescricións técnicas particulares, onde se fará a descrición das obras e regularase a súa execución, con expresión da forma en que esta levará a cabo, as obrigacións de orde técnica que correspondan ao contratista, e a maneira en que levará a cabo a medición das unidades executadas e o control de calidade dos materiais empregados e do proceso de execución.
- d) Un orzamento, integrado ou non por varios parciais, con expresión dos prezos unitarios e dos descompostos, no seu caso, estado de medicións e os detalles precisos para a súa valoración.
- e) Un programa de desenvolvemento dos traballos ou plan de obra de carácter indicativo, con previsión, no seu caso, do tempo e custo.
- f) As referencias de todo tipo en que se fundamentará o reformulo da obra.
- g) O estudo de seguridade e saúde ou, no seu caso, o estudo básico de seguridade e saúde, nos termos previstos nas normas de seguridade e saúde nas obras.
- h) Estudo de xestión de residuos.
- i) Plan de control de calidade, no que se estableceran os requisitos a solicitar e aplicar os equipos e deseños proxectados e tódolos ensaios, probas, controis e medicións que se deben realizar durante a execución.
- j) Canta documentación veña prevista en normas de carácter legal ou regulamentario.

O proxecto incorporará tamén un anexo cos cálculos lumínicos correspondentes, realizados co programa DIALUX, e outro cos cálculos de eficiencia enerxética das diferentes vías afectadas polas actuacións proxectadas. No citado Anexo, detallaranse unha serie de aplicacións de iluminación exterior que deberán ser xustificadas mediante o cálculo fotométrico de cada un dos casos expostos a continuación. Deberanse presentar cálculos lumínicos xustificativos de todas as seccións presentes na realidade cumprindo como mínimo cos valores lumínicos e uniformidades

establecidos na normativa e na memoria presentada o IDAE, así como coa cualificación enerxética establecida para cada caso.

Devanditos cálculos realizaranse baixo un mesmo Factor de Mantemento. No caso de usar unha fonte luminosa de tipo descarga de alta intensidade, seguiranse as indicacións acordadas ao REEIAE dadas na ITC-EA 06. Se a fonte luminosa utilizada é de tipo LED, o FM será de 0,85 tal e como se indica no documento de Requisitos Técnicos esixibles para luminarias con Tecnoloxía LED de Iluminación Exterior IDAE-CEI. Ademais para unificar criterios e realizar os cálculos requiridos en Luminancias, tomarase como pavimento o tipo R3007 en todos os cálculos.

O proxecto deberá así mesmo axustarse:

1. Ás condicións e esixencias técnicas e doutra natureza establecidas no *"Programa de Ayudas para la renovación de las instalaciones de alumbrado exterior municipal"* cuxas bases e convocatoria foron aprobadas por Resolución de 24 de marzo de 2015 do Consejo de Administración do Instituto para la Diversificación y el Ahorro de la Energía (IDAE) e publicadas no Boletín Oficial do estado de data 5 de maio de 2015 (en adiante, Resolución do 24 de marzo de 2015, do IDAE).
2. Ao contido que sexa de aplicación tendo en conta o obxecto do contrato, conforme ao anexo que se incorpora como *"Indicaciones dos contidos mínimos en proxectos de iluminación exterior do Concello de Teo"*

As actuacións proxectadas non superarán o importe máximo adxudicado polo IDAE (3.203.892,69 € IVE 21% incluído). Do mesmo modo, respectaranse os prazos de execución determinados polo IDAE.

6.1.2.- Entrega do proxecto

Antes da entrega final, facilitarase ó Concello un borrador do proxecto en formato dixital (PDF) para a súa revisión. Unha vez aceptado o proxecto, o redactor do mesmo facilitará ó Concello dúas copias en papel e 4 en soporte dixital, cuxa lexibilidade e integridade será verificada antes de considerar efectiva a súa entrega.

O proxecto entregarase en formato DIN A4, imprimados a dúas caras. Excepcionalmente poderanse incluír planos de información, gráficos ou figuras en formato DIN A3, dobrados. Restrinxirase o uso do color a onde sexa estritamente necesario, con o fin de non encarece- las copias dos documentos.

Os planos integrantes do Documento Nº 2 "Planos", delinearán se en formato DIN A3, DIN A3 alongado, DIN A2 ou DIN A1, elixindo en cada caso o formato

máis pequeno posible dos indicados. En ningún caso se empregarán formatos superiores a DIN A1. Dobraranse na forma que permita a súa encadernación en formato A4 xunto co resto dos Documentos.

A información achegarase ademais nos formatos dixitais que se indican a continuación:

- Proxecto completo en formato PDF.
- Documentación gráfica: Planos, esbozos, esquemas, etc., en formatos DWG ou DXF.
- Documentos de texto: Formatos DOC ou compatible co programa WORD de Microsoft.

6.2.- DIRECCIÓN DE OBRA

O Director de Execución de Obra é o axente que asume a función técnica de dirixir a execución material da obra e de controlar cualitativa e cuantitativamente a instalación e a calidade do executado.

O Contratista responsabilizarse do control de desenvolvemento da obra nos aspectos técnicos, estéticos, urbanísticos e ambientais, de conformidade co establecido no Proxecto de Execución e na normativa de aplicación, con obxecto de asegurar a adecuación da obra ao fin proposto.

Entre outras, as obrigacións do Director de Obra designado polo contratista serán:

- Estar en posesión da titulación académica e profesional que lle faculte para o desempeño das súas funcións.
- Verificar o replanteo das actuacións, no caso de resultar necesario.
- Verificar a recepción na obra dos equipos suministrados, ordenando a realización dos ensaios e probas precisas.
- Resolver as continxencias que se produzan na obra e consignar as instrucións precisas para a correcta interpretación do Proxecto.
- Coordinar os diferentes equipos de instalación, no caso de ser preciso.
- Elaborar eventuais modificacións do Proxecto, que veñan esixidas pola marcha da obra, sempre que se respecte a normativa contemplada no Proxecto e os requisitos contidos no contrato de execución.
- Velar polo cumprimento do establecido no Estudo de Seguridade e Saúde.
- Cando, en aplicación do artigo 234 do TRLCSP, sexa preciso realizar unha modificación do proxecto, o Director de Obra deberá redactar a

citada modificación. No caso de que a modificación sexa debida a erros ou omisións do proxecto ou non supoña incremento do prezo da obra, o adxudicatario non poderá reclamar ningunha revisión do prezo do contrato.

- Subscribir o acta de comprobación de reformulo.
- Redactar e entregar ós responsables municipais informes da marcha das obras, cando lle sexan requiridos.
- Realizar as comprobacións necesarias do correcto funcionamento das instalacións reformadas.
- Elaborar a documentación técnica que se manifeste necesaria para a adecuada definición de detalles de execución das distintas unidades de obra que haxan de executarse.
- Asistir ás reunións que os responsables municipais consideren necesarias para a boa marcha das obras.
- Redactar tanta documentación técnica de carácter literal, gráfico, ou calquera outra índole, que resulte necesaria para resolver as incidencias xurdidas durante o desenvolvemento das actuacións proxectadas.

Finalizados os traballos de execución, levarase a cabo, nos termos e prazos establecidos pola Lei de Contratos do Sector Público, a Recepción das obras, verificándose polo representante designado polo concello aos devanditos efectos, que se cumpren os requisitos para levar a cabo devandito acto, así como que concorren as condicións necesarias para a correcta posta en funcionamento da edificación e das instalacións incorporadas á mesma. Do referido acto levantarase unha acta que deberá ser subscrita pola Dirección de Obra.

Tras a finalización, a Dirección de Obra presentará ante o Concello coa información obtida durante a execución o inventario de equipos finalmente instalados e planos das instalacións "as built".

A dirección de obra incluírá tamén a Coordinación de Seguridade e Saúde, a xestión de residuos e o control de calidade da obra, en desenrolo das solucións e determinacións técnicas do Proxecto de execución e os criterios e disposicións que podan adoptarse polo Concello ou pola propia Dirección Técnica no desenrolo das obras.

6.3.- ASESORAMENTO E DOCUMENTACIÓN PARA O EXPEDIENTE DE XUSTIFICACIÓN DAS AXUDAS DO IDAE

A asistencia técnica e asesoramento ao Concello de Teo en relación coas obras en execución, e calquera aspecto de carácter técnico que se solicite ou poda ser esixible pola Administración competente ao respecto durante a execución das mesmas, incluída as elaboración dos documentos e informes que resulten necesarios para a xustificación da axuda concedida polo IDAE anteriormente sinaladas.

Así mesmo, incluírase o asesoramento do contratista no procedemento de contratación das obras incluídas no proxecto de execución da renovación das instalacións do alumeadado exterior municipal, tanto na redacción e configuración do prego desta licitación, como na posible valoración técnica das propostas.

O Contratista facilitará a Administración contratante, sen custo adicional, cantos servizos profesionais se estimen necesarios por esta para o correcto desenvolvemento e cumprimento do obxecto do contrato, como asistencia a reunións explicativas, información ao público, ata a extinción do prazo de garantía que o prego de execución das obras estableza como obrigatorio para a empresa.

7.- DOCUMENTACIÓN DISPOÑIBLE

O Concello de Teo porá a disposición do equipo redactor a documentación dispoñible relacionada co obxecto do proxecto, en formato preferentemente pdf ou outros formatos dixitais no caso de esta dispoñibles: planimetría do concello, inventario e auditoría enerxética, solicitude IDAE.

Teo, 7 de marzo de 2017

Os servizos técnicos municipais

Ignacio Soto Gonzalez

**SOTO
GONZALEZ
, IGNACIO
(FIRMA)**

Firmado digitalmente por SOTO
GONZALEZ, IGNACIO (FIRMA)
Nombre de reconocimiento
(DN): c=ES,
serialNumber=09770721E,
sn=SOTO,
givenName=IGNACIO, cn=SOTO
GONZALEZ, IGNACIO (FIRMA)
Fecha: 2017.03.08 10:09:58
+01'00'

ANEXO

INDICACIÓN DE CONTIDOS MÍNIMOS EN PROXECTOS DE ILUMINACIÓN EXTERIOR DO CONCELLO DE TEO

1. MEMORIA DESCRIPTIVA

1.1. ANTECEDENTES E OBXECTO DO PROXECTO

Exposición de motivos polos que se realizan as instalacións e datos do lugar onde se realizarán as instalacións.

No seu caso, neste apartado figurarán os datos dos expedientes que teñen relación co proxecto.

Exponse o que se pretende coa realización do proxecto desde o punto de vista técnico e desde o punto de vista administrativo. No caso máis xeral sería o seguinte:

Definir e xustificar os aspectos de deseño, cálculo e construción necesarios para a realización das instalacións.

Obter a preceptiva autorización e aprobación por parte dos organismos oficiais competentes.

1.2. PETICIONARIO, PROMOTOR E TITULAR DA INSTALACIÓN

Nome e domicilio social do titular da instalación. Pode ser unha persoa física, empresa ou organismo público.

Os datos débense complementar co NIF ou CIF e teléfonos de contacto. Así mesmo, no caso dunha persoa física que realiza o encargo en nome dunha empresa ou organismos públicos, deben figurar os datos persoais do mesmo con datos do documento que lle habilitan para a petición.

1.3. SITUACIÓN E EMPRAZAMENTO DA INSTALACIÓN

Definir con toda a precisión o lugar onde se realizasen as instalacións, con xeoposicionamento de cada unha das súas partes.

No caso de emprazamentos urbanos, os nomes das rúas afectadas, barrio ou zona, poboación, municipio, illa e provincia.

No caso de emprazamentos rurais, a paraxe, mesmo se fose posible delimitalo con referencias topográficas, poboación, municipio, illa e provincia.

1.4. REGULAMENTACIÓN

Enuméranse os regulamentos de aplicación ao proxecto, indicando a disposición, nome e data de aprobación.

Tamén se enumeran os documentos de aplicación, tales como normas da compañía subministradora, referencia a documentos tipo aprobados polo organismo competente, etc.

1.5. PROGRAMA DE NECESIDADES. PREVISIÓN DE POTENCIA

Detalles das necesidades que se satisfán con esta instalación: número de edificios, parcelas ou zonas.

Previsión de potencia en función da demanda ou a prevista segundo a regulamentación.

1.6. AFECCIÓN A TERCEIROS

Relación de organismos públicos, entidades privadas ou particulares que quedan afectados pola execución do proxecto e que sexa preceptiva a súa autorización. Así mesmo expoñeranse as causas que motivan a súa afección.

1.7. DESCRICIÓN DAS INSTALACIÓNS

Descrición breve, pero en detalle, das instalacións. Entre outros datos son necesarios os seguintes:

Niveis lumínicos esixidos e tipos de lámpadas e luminarias.

Potencia eléctrica total da instalación.

Sistemas de control empregados.

Descrición do lugar e clasificación urbanística.

Nome do centro de transformación que alimenta a instalación.

Punto de conexión.

Percorrido da rede.

Lonxitudes e seccións dos condutores.

Instalacións existentes que afectan á rede proxectada.

1.8. CARACTERÍSTICAS DAS INSTALACIÓNS

1.8.1. Tensión nominal

Tensión nominal da instalación e a súa clasificación.

1.8.2. Sistema de distribución

Indícase como se proxectou a distribución da rede

1.8.3. Condutores

Condutores que se empregarán, seccións, características e normativa aplicable á súa fabricación.

1.8.4. Cadros eléctricos

Descrición de cada un dos cadros eléctricos, definindo polo menos o que segue:

Localización con xeoposicionamento
Tipo de envolvente e grao de protección.
Descrición da aparelamenta.
Identificación do quadro e liñas.
Medidas contra contactos directos.
Postas a terra do neutro e das partes metálicas.
Obra civil necesaria.

1.8.5. Canalizacións subterráneas

Definición das características xerais, como:

Lonxitude.
Trazado: lugares por onde discorre, cumprimento dos radios de curvatura dos cables e realización dos cruces de calzada.

1.8.5.1. Dimensionado
Dimensións da gabia: ancho e profundidade.

1.8.5.2. Cruzamento, proximidades e paralelismo
Solucións a aplicar en xeral nos casos de cruzamento, proximidades e paralelismo.

1.8.5.3. Execución de tendido de redes subterráneas

1.8.5.3.1. Trazado

Medidas que minimizan as molestias a terceiros ou afección ambiental durante o trazado e execución do tendido.

1.8.5.3.2. Apertura de gabias

Características necesarias da gabia previas ao tendido.

1.8.5.3.3. Cruzamentos

Medidas a tomar en cada un dos casos de cruzamento.

1.8.5.3.4. Tendidos de cable

Descrición do tendido de cables. Expoñeranse polo menos os procedementos de:
radios de curvatura,
tratamento de bobinas de cables,
tendido a man,
tendido mecánico,
empalmes,
supervisión de gabias,

agrupamento de condutores.

1.8.5.3.5. Protección mecánica

Descrición das proteccións mecánicas que se utilizar.

1.8.5.3.6. Sinalización

Descrición da sinalización, ou no seu caso sinalización máis protección mecánica, tanto na correspondente á situada en interior da gabia, como a sinalización excepcional do trazado con fitos, nos casos que se estimen necesarios.

1.8.5.3.7. Identificación

Identificación dos condutores: normas UNE e marcado de fases.

1.8.5.3.8. Peche de gabias

Descrición do método para aplicar para o peche de gabias, coas características dos materiais para empregar e sistemas de compactación no seu caso.

1.8.5.3.9. Reposición de terras

Este apartado referirase aos préstamos necesarios e ao acabado final da gabia, incluíndo as reposicións de pavimento e retirada de cascallos sobrantes.

1.9. REDE AÉREA

1.9.1. Apoios e cimentación na rede aérea

Tipos e características dos apoios empregados.

1.9.2. Cruzamento, proximidades e paralelismo

Solucións que se deben aplicar en xeral nos casos de cruzamento, proximidades e paralelismo.

1.9.3. Execución do tendido

Descrición do tendido de cables. Expoñeranse polo menos os procedementos de:

tratamento de Bobinas de cables,
tensado a man,
tensado mecánico,
instalación de condutores en fachadas,
empalmes.

1.9.4. Trazado

Medidas que minimizan as molestias a terceiros ou afección ambiental durante o trazado e execución do tendido.

1.10. INSTALACIÓNS DE ILUMINACIÓN PÚBLICA

1.10.1. Luminarias e lámpadas

Descrición das luminarias seleccionadas e dos seus equipos, así como das lámpadas para empregar.

Definiranse os seguintes datos:

xeoposición

marca e modelo,

potencia eléctrica,

factor de potencia por luminaria,

tipo de lámpada,

Nível de iluminación en lumens,

características especiais da luminaria,

protección contra sobreintensidades e cortocircuitos.

1.10.2. Soportes

Definiranse as características dos soportes empregados e o cumprimento da lexislación. En xeral describiranse por separado os brazos, columnas e báculos, indicando todos os seus datos dimensionales e no caso dos brazos, a altura á que irán instalados.

1.10.3. Disposición das luminarias

Descríbese o sistema de disposición empregado: ao carón, enfrontadas ou a tresbolillo. Así mesmo xustificárase a disposición elixida.

1.10.4. Rede de terras

Descríbese a rede de terras, condutores empregados e as súas características, sistemas de posta a terra e sistemas de conexión.

1.10.5. Protección contra contactos indirectos

Cálculo das tensións de contacto.

Interruptores diferenciais seleccionados e as súas características.

1.11. CONSIDERACIÓNS FINAIS

1.11.1. Orzamento

Orzamento de execución por contrata das obras incluíndo impostos aplicables en forma literal e numérica.

1.11.2. Prazo de posta en marcha

Prazo de posta en marcha, contado a partir das autorizacións preceptivas e coincidente co previsto no apartado 1.5 Planificación da Obra.

1.11.3. Datos complementarios

Ofrecemento de achega dos datos necesarios para cumprimentar o expediente e para o control de calidade da mesma, no seu caso.

2. CÁLCULOS ELÉCTRICOS

2.1. PRESCRICIÓN TÉCNICAS DE CARÁCTER XERAL

2.1.1. Condutores

Realízase o cálculo das intensidades máximas admisibles dos condutores seleccionados, nas condicións do proxecto.

2.1.2. Condicións especiais de instalación subterránea

Neste apartado aplícanse os coeficientes correctores, en función da temperatura do terreo, ás intensidades máximas admisibles "nominais" correspondentes indicadas no apartado 2.1.1.

2.1.3. Coeficientes de simultaneidade

Indicásense os coeficientes de simultaneidade aplicables, tanto os previstos no Regulamento electrotécnico de baixa tensión, como outros debidamente xustificados.

2.2. DIMENSIONADO DOS CONDUTORES DAS REDES SUBTERRÁNEAS

2.2.1. Criterio de intensidade máxima admisible

Procédese ao cálculo da intensidade de cada unha das liñas para comprobar que non superan os valores da intensidade máxima admisible.

2.2.2. Criterio de máxima caída de tensión

Realízase o cálculo da caída de tensión para comprobar que no caso máis desfavorable non se superan os valores máximos permitidos.

Neste apartado calcúlase tamén a perda porcentual de potencia.

2.2.3. Coeficientes de simultaneidade

2.3. CÁLCULOS ELÉCTRICOS DAS REDES AÉREAS

2.3.1. Características eléctricas dos condutores

2.3.1.1. Nivel de illamento

Expóñense as tensións que admite o illamento dos condutores, tanto a nominal como as correspondentes ás das probas normalizadas.

2.3.1.2. Intensidades máximas admisibles, en servizo permanente, dos condutores

Realízase o cálculo das intensidades máximas admisibles dos condutores seleccionados, nas condicións nominais expostas no Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

2.4. PROTECCIÓN

2.4.1. De sobreintensidade

Describir as proteccións de intensidade detallando as súas intensidades nominais.

2.4.2. Contra cortocircuíto

Describir as proteccións contra cortocircuítos e as súas intensidades de cortocircuíto.

3. Cálculos mecánicos

3.1. Cálculo mecánico dos condutores de redes aéreas

3.1.1. Hipótese de cálculo

Describir as hipóteses de cálculo das redes aéreas, conforme o indicado no Regulamento electrotécnico de baixa tensión.

3.1.2. Coeficientes de seguridade

Xustificación dos coeficientes de seguridade empregados.

3.1.3. Diámetro dos feixes

Determinación dos diámetros dos feixes de cables e dos diámetros equivalentes das agrupacións empregadas.

3.1.4. Tensións e frechas

Descrición do cálculo das tensións e frechas para a execución do tendido.

3.1.5. Sobrecargas

Cálculo das sobrecargas en función das hipóteses de cálculo.

3.1.6. Tensións máximas

Expóñense as tensións máximas admisibles seleccionadas para cada tipo de condutor.

3.2. Cálculo de apoio e cimentacións

3.2.1. Cálculo mecánico dos apoios

Determinación dos esforzos en cada un dos apoios e para cada unha das hipóteses de cálculo, para, no seu caso, seleccionar o normalizado que cumpra as condicións.

3.2.2. Determinación da altura dos apoios

Determinarase en función da topografía do terreo, alturas mínimas dos condutores sobre o chan e as afeccións a outras instalacións (proximidades, paralelismos e cruzamentos). Describiranse as solucións adoptadas.

3.2.3. Cimentacións

Descrición do sistema de cimentación adoptado e no seu caso o cálculo dos mesmos. No caso de apoios normalizados, xustificásen as hipóteses de cálculo indicadas polo fabricante.

3.2.3.1. Empotramento dos postes de madeira

Aplicarase o indicado no apartado 3.2.3.

4. Instalacións de iluminación pública

4.1. Datos dimensionales

Definiranse os datos dimensionales previstos, tales como altura á que se situasen as luminarias, ángulo de inclinación, distancias entre puntos de luz e anchos de calzada e beiravías ou beirarrúas.

4.2. Nivel de iluminación

Expoñeranse os niveis lumínicos que se pretenden así como os factores de uniformidade. No seu caso definiranse os niveis de deslumbramento e valores de reflexión de paredes e pavimentos.

4.3. Cálculos lumínicos

Expoñeranse os resultados de cálculo, realizados de forma manual cos datos luminotécnicos achegados polo fabricante ou ben utilizando programas de cálculo.

5. Planificación da obra

Realizarase a planificación xeral da obra descompoñendo polo menos nos seguintes apartados:

Subministracións de condutores.

Subministracións de apoios.

Subministracións de cadros eléctricos.

Subministracións de soportes: columnas, báculos e columnas.
Subministracións de luminarias.
Outras subministracións.
Obra civil de gabias.
Obra civil de apoios.
Obra civil de Arquetas e Cadros Eléctricos.
Tendido de condutores.
Instalación de soportes.
Instalación de luminarias.
Montaxe de Apoios
Montaxe de Cadros
Conexionados
Probas

6. Planos

Realizaranse planos, de maneira conxunta ou individual, polo menos de:

6.1. Situación e emprazamento

Planos que identifiquen o lugar onde se realiza o proxecto. Un xeral con indicación do lugar dunha illa e outro coa zona delimitada con elementos singulares no caso de áreas rurais e polas rúas no caso de zonas urbanas.

Plano de xeolocalización de todos os elementos.

As escalas aconsellables para os planos de identificación do lugar serán a escalas 1:5000, 1:2000, 1:1000 e 1:500 e se é posible utilizando cartografía oficial.

6.2. PLANO de instalacións

Nel defínense as instalacións con todos os detalles: Trazado, localización de arquetas, cadros, apoios, columnas, báculo e brazos. Como elementos principais indícanse as localizacións dos puntos de luz con indicación do tipo de luminarias e a súa potencia.

Así mesmo identifícanse cada un dos elementos pola súa sección ou denominación.

As escalas para empregar aconsellables serán 1:1000, 1:500 e 1:200.

6.3. Detalles, esquemas e diagramas

Realízanse os detalles de todos os elementos singulares da instalación, tales como tipos de gabias, arquetas e as súas tapas, cadros eléctricos, apoios da rede, columnas, báculos, brazos, luminarias e calquera outro que se estime necesario.

As escalas aconsellables son 1:10, 1:20, 1:50 e 1:100.

Nos esquemas realizaranse os esquemas unifilares dos cadros eléctricos e o esquema xeral da rede de distribución.

Todos os planos serán grafiados cos seus elementos identificadores: dimensións, seccións, intensidades e denominacións.

7. Prego de condicións

O Prego atenderá especialmente a:

- 7.1. Calidade e características dos materiais
- 7.2. Execución das instalacións
- 7.3. Probas e ensaios
- 7.4. Condicións de uso mantemento e seguridade
- 7.5. Certificados e documentación
- 7.6. Libro de ordes

8. Medicións e orzamento

Realizaranse as descrições, coas medicións de cada un dos elementos da obra, de forma que permita a execución total da obra así como determinar o seu custo económico.

As partidas describíranse con precisión, que permitan unha fácil medición e evításeno no posible as partidas alzadas. Aconséllase a utilización de baremos normalizados de recoñecida experiencia.

Todas as unidades incluírán que estean totalmente terminadas, probadas e en funcionamento.

9. Seguridade e saúde

Incluírase o preceptivo estudo de seguridade e saúde laboral, ou o estudo básico, segundo corresponda.